

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) para o curso 2020/21.

Co obxecto de realizar a convocatoria para o curso 2020/21 de autorización do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria de autorización do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) para o curso 2020/21 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: <http://www.edu.xunta.gal/portal>

Segundo. Os centros que desexen implantar o programa Cuale deberán facer a correspondente solicitude en liña e completar o formulario electrónico dispoñible na aplicación á cal se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> –no programa correspondente Cuale–.

Terceiro. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 30 de xuño de 2020.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2020

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa

